



# BOP

XOVES, 27 DE XULLO DE 2023

N.º 171

## DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org  
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

##### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Multiasistencia Técnica SL solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.86533

As obras solicitadas consisten no peche na parte frontal ou norte da parcela con referencia catastral 27019C001001800000HJ, na zona de policía dun rego innominado, no lugar de Forxán, na parroquia de San Martiño de Foz, no concello de Foz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Foz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 29 de xuño de 2023.- a xefa do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica da Mariña, Rocío Carreira Carral.

R. 2361

#### XEFACTURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

A Sociedade Deportiva de Cazadores Guitiriz e Parroquias, con CIF G27137355, e a Asociación de Cazadores Penedo do Castelo, con CIF G27181114, solicitan a fusión dos tecores Guitiriz e Parroquias, con matrícula LU-10015, e Penedo do Castelo, con matrícula LU-10301, cos seguintes datos do tecor resultante:

- Denominación: Guitiriz e Parroquias
- Matrícula: LU-10015
- Titular: Sociedade Deportiva de Cazadores Guitiriz e Parroquias, con CIF G27137355

O que fago público para o coñecemento xeral e que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo **DUN MES**, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 12 de xullo de 2023.- O xefe territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Jesús Montouto González.

R. 2362

### CONCELLOS

#### BALEIRA

##### *Anuncio*

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira, Lugo, o seis de xullo do dous mil vintetrés, dictou a Resolución que de seguido se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Tendo en conta que segundo o disposto no artigo 20 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, 35 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e 59 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia os Teniente de Alcalde son órganos existentes en tódolos concellos, de conformidade coas atribucións que me conceden os artigos 23 da antedita Lei 7/1985, 62 e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e artigos 46 e 52 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

**RESOLVO:**

1.- Nomear Tenentes de Alcalde do Concello ós concelleiros que de seguido se relacionan e pola orde que se indica:

Primeiro Tenente de Alcalde: D. Miguel Ángel Fernández González..

Segundo Tenente de Alcalde: D<sup>a</sup> Encarnación Valiño Lombardero

Terceiro Tenente de Alcalde: D<sup>a</sup> María Carmen Álvarez Pin.

2.- Nomear ós devanditos concelleiros, así mesmo, membros da Xunta de Goberno Local para o caso de que sexa creada pola Corporación Municipal en Pleno da que, do mesmo xeito, formaría parte esta Alcaldía como Presidente da mesma.

3.- Dar conta da presente Resolución á Corporación Municipal en Pleno.

4.- Notifíquese ós devanditos concelleiros e publíquese no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios do Concello para os efectos oportunos.

Baleira, 17 de xullo do 2023.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López”

---

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira, Lugo, o dezasete de xullo do dous mil vintetrés dictou a Resolución que a continuación se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.-

Visto o establecido no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como o artigo 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

**RESOLVO**

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións que de seguido se indican:

- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o plantel aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.
- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno.
- O outorgamento das licenzas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

Baleira, 17 de xullo do 2023.- O ALCALDE, Angel Enrique Martínez-Puga López. “

---

A Corporación Municipal do concello de Baleira, Lugo, na sesión plenaria extraordinaria do doce de xullo do dous mil vintetrés, aprobou os acordos propostos pola Alcaldía que de seguido se transcriben :

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

Segundo a lexislación actualmente vixente existe a posibilidade da creación da Xunta de Goberno Local en municipios de menos de 5.000 habitantes por acordo da Corporación Municipal, aínda que non con carácter obrigatorio, de conformidade co disposto nos artigos 20 e 23 da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, 59 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, e 52 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

A existencia do devandito órgano pode ser de gran utilidade para os intereses municipais, por canto a gran diversidade de servizos e asuntos municipais serán mellor xestionados coa garantía que sempre supón que a decisión corresponda a un órgano colexiado.

Á vista de canto antecede **propóñolle á Corporación Municipal en Pleno** a adopción do seguinte acordo:

- A creación da Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira , como órgano colexiado a constituir para este novo mandato Corporativo consecuencia das eleccións celebradas o 28 de xuño do 2023, coa composición, funcións e competencias que se conteñen nos anteditos artigos e as que lles sexan delegadas polos órganos do Concello.

- De conformidade co disposto nos artigos 211 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia , 46 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e 112 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro ,de crearse a Xunta de Goberno as sesións ordinarias celebraranse o primeiro e terceiro mércores de cada mes ás 10:00 horas. Se coincidira festivo celebraránse o mércores da semana seguinte á mesma hora. No caso de coincidencia no mesmo día de sesión plenaria e da Xunta de Goberno Local a sesión desta celebraráse ás 12:00 horas.

Baleira, 17 de xullo do 2023.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.“

---

#### “DELEGACIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

##### “PROPOSTA DE ALCALDÍA.-

Tendo en conta o disposto no artigo 22 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e ós efectos dunha maior axilidade administrativa na tramitación dos asuntos municipais

Propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo:

- Que se deleguen na Xunta de Goberno Local, no caso da súa creación, as seguintes atribucións da Corporación Municipal en Pleno:

O exercizo de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.  
A declaración de lesividade dos actos do Concello.

As competencias que como órgano de contratación lle corresponden ó pleno segundo o disposto na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, e que non requiran unha maioría cualificada.

A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non esteñan previstos nos orzamentos.

As concesións sobre bens e adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial e enaxenación do patrimonio cando sexa competencia do pleno e non se requira maioría cualificada.

2º.- Publica-lo presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Baleira, xullo do 2023.O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.“

---

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS.

Ante a necesidade de fixa-la periodicidade das sesións plenarias ordinarias para este novo mandato corporativo iniciado como consecuencia das eleccións locais do 28 de maio do 2023 e constitución da nova corporación municipal o 17 de xuño do 2023 , e tendo en conta o disposto no artigo 46 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das bases de réxime local e artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia que dispón que o pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses

Propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo :

A celebración das sesións plenarias ordinarias cada dous meses.

A realización das mesmas nas datas e horas que de seguido se indican:

. O primeiro mércores dos meses de febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro ás trece horas a excepción de que o día sinalado fose festivo, caso no que se celebraría o seguinte mércores hábil á mesma hora .

Baleira, 17 de xullo do 2023.O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.”

---

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CREACIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS.-COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

Tendo en conta a renovación da Corporación Municipal do Concello Baleira , Lugo, como consecuencia das eleccións celebradas o 28 de maio do 2023 e considerando que segundo os artigos 59.2 c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, 20 e 116 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das bases de réxime local e 127 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais a Comisión Especial de Contas existirá en tódolos Concellos, de conformidade co disposto nos artigos 66 da Lei 5/1997, do 22 de xullo e 123 a 127 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro

Propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo:

- Que se proceda á creación da Comisión Especial de Contas do Concello de Baleira na que estarán representados, segundo o disposto nos anteriores artigos, tódolos grupos políticos en proporción ó da súa representatividade no Concello.

- Os membros da devandita Comisión serán os que designen os distintos grupos políticos que forman parte da Corporación mediante escrito do seu voceiro dirixido ó Sr. Alcalde, podéndose designar un suplente por cada titular, e será presidente o Alcalde do Concello ou quen legalmente o substitúa sendo a composición, para os efectos de garda-la proporcionalidade dos grupos políticos no Pleno, a que de seguido se indica, aplicándose o sistema de voto ponderado segundo o seguinte detalle, atendendo á proporcionalidade dos membros no pleno:

.Un membro da Corporación do Grupo Popular con 6 votos

.Un membro da Corporación do Grupo PSOE. Con 2 votos

. Un membro do grupo Misto con 1 voto

- Corresponderánlle á Comisión Especial de Contas as competencias que lle atribúe a normativa vixente.

Baleira, xullo do 2023.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.”

---

“PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTATES DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR DO COLEXIO PÚBLICO CONCEPCIÓN LÓPEZ REY DE O CÁDAVO.

Tendo en conta a participación deste Concello no Consello Escolar do Colexio Público C.E.I.P. Concepción López Rey de O Cádavo

Propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo:

- Nomear como representante da Corporación no mencionado Consello á concelleira D<sup>a</sup> Encarnación Valiño Lombardero .

Baleira, de xullo do 2023.-O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López”

---

PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTATE DO CONCELLO NO CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DA IGUALDADE E DO BENESTAR -

Tendo en conta que este Concello forma parte do Consorcio Galego de Servicios da Igualdade e Benestar, ante a renovación da Corporación Municipal deste Concello de Baleira (Lugo), consecuencia das eleccións do 28 de maio do 2023, propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo: -

Nomear como representante da Corporación no mencionado Consorcio a D<sup>a</sup> Lidia Díaz Álvarez .

Baleira, de xullo do 2023.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López. “

---

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ASISTENCIAS POR CONCURRENCIA A SESIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS E INDEMNIZACIÓNS POR GASTOS EFECTIVOS OCASIONADOS NO EXERCICIO DO CARGO.

Tendo en conta o regulado no artigo 75 e seguintes da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das bases de réxime local e visto o informe de Secretaría-Intervención incorporado ó expediente da sesión

Propóñolle á Corporación Municipal en Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Fixar as seguintes contías en concepto de asistencias a órganos colexiados que serán satisfeitas ós concelleiros que formen parte dos mesmos que non teñan dedicación parcial nin exclusiva, compensación por desprazamento en vehículo particular por razón do cargo e indemnización por gastos efectivos ocasionados polo exercicio do cargo e derivados da realización de xestións fora do termo municipal:

. 120,00 euros por asistencia a cada sesión do Pleno da Corporación.

. 70,00 euros por asistencia a cada sesión da Xunta de Goberno Local ou da Comisión Especial de Contas.

. Compensación por desprazamento en vehículo particular por razón do cargo: 0,19 euros por kilómetro.No caso de que coincidan dúas sesións no mesmo día tan só se cobrarán desprazamentos por unha. -

.Indemnización por gastos efectivos ocasionados polo exercizo do cargo, derivados da realización de xestións fóra do termo municipal na cantidade de 90,00 euros correspondiente a media dieta e a contía de 180,00 euros correspondiente á dieta enteira.

2- Darlle publicidade ó presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de Anuncios do Concello de conformidade co disposto na lexislación actualmente vixente.

Baleira, 17 de xullo do 2023.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López”

**ASIGNACIÓN A GRUPOS POLÍTICOS DO CONCELLO****“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Constituíndose a nova Corporación Municipal o día 17 de xuño de 2023, como consecuencia das eleccións municipais celebradas o día 28 de Maio de 2023, por esta Alcaldía sométese á consideración do Pleno a seguinte proposta, en relación á asignación económica aos grupos políticos Corporativos.

- Aprobar o seguinte réxime de asignacións aos Grupos Políticos Municipais condicionado á previa existencia de consignación orzamentaria : 40 euros mensuais por grupo e mes e trinta euros por concelleiro e mes segundo o seguinte detalle:

- Ao Grupo Municipal do Partido Popular: 220,00 euros mensuais

- Ao Grupo Municipal PSOE : 100,00 euros mensuais.

- Ao Grupo Municipal mixto ( concelleiro do BNG): 70 ,00 euros mensuais.

De conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei 7/85, reguladora de Bases de Réxime Local, as referidas cantidades non poderán ser destinadas polos Grupos Municipais ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial, debendo levar os devanditos Grupos unha contabilidade de tales dotacións, as cales poderán ser coñecidas polo Pleno Municipal en calquera momento.

Baleira, 17 de xullo do 2023 O AlcaldeAsdo.: Ángel Enrique Martínez-Puga López”

Constitución dos Grupos Políticos Municipais:

Grupo Municipal do Partido Popular :

D. Ángel Enrique Martínez-Puga López ,D. Miguel Ángel Fernández González, D<sup>a</sup> Encarnación Valiño Lombardero, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> del Carmen Álvarez Pin, D<sup>a</sup> Lidia Díaz Álvarez e D. José Antonio Calvín López.

Grupo Municipal PSOE:

D. José Tellado Fernández, D. José Cedrón Pérez

Grupo Mixto:

D. Faustino Díaz Díaz ( concelleiro do Bloque Nacionalista Galego).

Baleira, 17 de xullo do 2023.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.”

R. 2363

**BURELA****Anuncio****EXPEDIENTES 1097/2023 E 1098/2023. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. MAIO 2023.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 11 de xullo de 2023 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de maio de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 9.987,73 €, correspondendo 1.170,00 € a libre concorrencia e 8.817,73 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 14 de xullo de 2023.- A Alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2364

### *Anuncio*

#### **Expediente: 1169/2023**

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 11 de xullo de 2023, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Segundo Bimestre do exercicio 2023, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 14 de xullo de 2023.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 2365

## O CORGO

### *Anuncio*

O Tribunal cualificador do procedemento selectivo para a selección de persoal laboral fixo: persoal técnico de Atención á Infancia para o Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello do Corgo, unha vez finalizadas as probas selectivas, e de acordo coa base novena da convocatoria, propuxo a contratación como persoal laboral fixo á seguinte candidata que superou o proceso selectivo:

Nº DE ORDE	NOME	DNI	PUNTUACIÓN OPOSICION	PUNTUACIÓN CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
1	GONZÁLEZ RUBAL, CARMEN	**2806***	11,6	6	17,6

A aspirante proposta deberá achegar, no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación desta lista de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello, os documentos sinalados na base décima.

O Corgo, 21 de xullo de 2023.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2422

**FOLGOSO DO COUREL***Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral do Orzamento desta Corporación correspondente ó exercicio 2022 e informada a mesma pola Comisión Especial de Contas, expónse ó público cos documentos que a xustifican, na Secretaría desta Entidade, por prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ó da inserción de presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que se estimen pertinentes, durante dito prazo e os 8 días seguintes, de conformidade co disposto nos artigos 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, 460.3 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Folgoso do Courel, 17 de xullo do 2023.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 2366

**GUNTÍN***Anuncio*

Aprobado inicialmente por el Pleno de la Corporación el expediente de modificación de créditos nº MC12/2023, Transferencias de créditos entre aplicaciones de gastos de distintas áreas de gasto dentro del vigente presupuesto municipal, en cumplimiento de lo dispuesto en el art. 177 en relación con el artículo 169 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobada por el Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, se expone al público en la Secretaría de este Ayuntamiento, por plazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que durante el mismo puedan formularse las reclamaciones que se consideren pertinentes, que deberán ser dirigidas a la Sra. Alcaldesa-Presidenta de esta Corporación.

Guntín, 18 de julio de 2023.- La Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2389

*Anuncio*

Conta xeral correspondente ao exercicio de 2.022.

Ditaminada a Conta Xeral para o exercicio de 2.022 pola Comisión Especial de Contas en sesión de 18 de xullo de 2.023, a mesma, xunto co ditame e documentos que a xustifican expónse ao público na Secretaría-Intervención municipal, por un prazo de 15 días hábiles que se computarán a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales e oito días máis os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Guntín, 18 de julio de 2023.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2390

*Anuncio*

Aprobado inicialmente por el Pleno de la Corporación el expediente de modificación de créditos nº MC11/2023, modalidad SUPLEMENTO DE CRÉDITO para inversiones por importe de 240.962,33€ dentro del vigente presupuesto municipal, en cumplimiento de lo dispuesto en el art. 177 en relación con el artículo 169 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales aprobada por el Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, se expone al público en la Secretaría de este Ayuntamiento, por plazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, a fin de que durante el mismo puedan formularse las reclamaciones que se consideren pertinentes, que deberán ser dirigidas a la Sra. Alcaldesa-Presidenta de esta Corporación.

Guntín, 18 de julio de 2023.- La Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2391

*Anuncio*

Aprobado inicialmente por el Pleno de la Corporación en sesión extraordinaria de fecha 18/07/2023, la modificación del Presupuesto General para el Ejercicio económico de 2.023, para incluir subvención nominativa sin incremento en la cuantía global de las subvenciones nominativas, en cumplimiento de lo dispuesto en el art. 169.1 del R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo y disposiciones concordantes, se expone al público en la Secretaría de este Ayuntamiento, por plazo de quince días hábiles, que empezarán a contarse desde el siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que durante el mismo puedan formularse las reclamaciones que se consideren pertinentes, las cuales deberán ser dirigidas a la Sra. Alcaldesa-Presidenta de esta Corporación.

Guntín, 18 de julio de 2023.- La Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2392

## LOURENZÁ

*Anuncio***ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XUÑO 2023****EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 06 de xullo de 2023, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Xuño de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil novecientos noventa e oito euros con oitenta e dous céntimos de euro (3.998,82€), tres mil seiscientos seis euros con trinta e dous céntimos de euro (3.606,32€) correspondente a dependencia, e trescentos noventa e dous euros con cincuenta céntimo de euro (392,50€) son de libre concorrencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 6 de xullo de 2023.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2367

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

*Anuncio*

**Expediente: 197/2023**

**Asunto: anuncio B.O.P.**

**INFORMACIÓN PÚBLICA**



Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 14 de xullo de 2023, prestouse aprobación inicial o **padrón correspondente ao primeiro trimestre do ano 2023 da:**

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa canon de auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso- administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida Xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **ANUNCIO DE COBRANZA.**

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario **ata o 31.10.2023**. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas Oficinas Municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no seu caso das costas do procedemento de apremio.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Pedrafita do Cebreiro, 14 de xullo de 2023.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 2368

---

#### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE MAIO 2023**

.Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 13 de xullo de 2023 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de maio de 2023 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de maio : 3.607,34 €

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de agosto de 2023 e o 01 de outubro de 2023. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas

Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición. Pedrafita do Cebreiro, 17 de xullo de 2023.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2369

---

*Anuncio***APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XUÑO 2023**

.Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 13 de xullo de 2023 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de xuño de 2023 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de xuño : 3.628,74€

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de agosto de 2023 e o 01 de outubro de 2023. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 17 de xullo de 2023.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2370

---

**RIBAS DE SIL***Anuncio*

Aprobado por Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2023 o padrón do 2º Trimestre de 2023 do servizo de abastecemento de auga, canon, sumidoiros e recollida de lixo, por medio do presente expónse ao público por prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderán interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei. No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa exixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 17 de xullo de 2023.- O alcalde, Miguel Angel Sotuela Vega.

R. 2371

**SOBER***Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 18 de xullo de 2023, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia e de dependencia correspondente ao mes de xuño de 2023.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 18 de xullo de 2023.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2372

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**  
**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE : V/27/01622  
PETICIONARIO : Ladislao Fernández Ramudo

VERTIDO

DENOMINACIÓN : Vivienda en Bouzas  
LOCALIDAD : Bouzas nº 1, Corvelle (San Bartolomeu)  
TÉR.M. MUNICIPAL : Vilalba  
PROVINCIA : Lugo  
RÍO/CUENCA : Bouza Da/Bouza Da

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Bouzas" - "Ladislao Fernández Ramudo", con un volumen máximo anual de 124 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica con filtro biológico
- Arqueta de toma de muestras
- Zanja filtrante

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 18 de julio de 2023.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2375